

NIF: 35017161-N

Denominación do establecemento: Pub Kolas.

Enderezo: estrada N-550, p.k. 148, Louredo-Os Valos.

Concello: Mos.

Feitos imputados: carencia de listas de prezos seladas e libro de visitas da Inspección turística. Carencia de follas de reclamacións de Turismo.

Preceptos infrinxidos: artigos 16.10º, 26 e 78.2º da Lei 9/1997, modificada pola Lei 10/2004.

Tipo infractor: artigos 86.1º e 86.5º da Lei 9/1997.

Data de incoación: 26-9-2008.

Sanción proposta: 300 euros.

Cédula do 4 de decembro de 2008, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a Resolución do 30 de outubro de 2008, recaída no expediente sancionador tramitado baixo o número PO-S-53/2008, pola comisión dunha infracción administrativa de carácter leve en materia turística.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, (BOE 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle á persoa que se relaciona no anexo a resolución da delegada provincial de Pontevedra, recaída no expediente sancionador por infracción administrativa de carácter leve en materia turística, número PO-S-53/2008, xa que, intentada polos medios legalmente establecidos, resultou infrutuosa.

O interesado poderá recoller a resolución mediante comparecencia no Servizo de Turismo desta delegación provincial, situado na rúa Benito Corbal 47, terceiro andar, de Pontevedra.

Contra a dita resolución, que non esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes (1), desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (DOG 167, do 1 de setembro), de ordenación e promoción do turismo en Galicia, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro (DOG 224, do 17 de novembro), en relación co artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, todo iso sen prexuízo de que os interesados ou interesadas poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

De non presentar recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme e executiva, debendo aboar o impor-

te da multa, se é o caso, nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde o día da publicación ata o día 5 do mes seguinte ou día inmediatamente hábil posterior; b) publicación entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de publicación ata o día 20 do mes seguinte ou día hábil inmediatamente hábil posterior.

O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lle serán facilitados nas dependencias desta delegación provincial. De non efectuarse o ingreso no citado prazo, procederase á súa exacción pola vía de constrinximento, segundo o disposto na Orde do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións da Consellería de Economía e Facenda (DOG 235, do 5 de decembro).

Pontevedra, 4 de decembro de 2008.

M^a Monserrat Prado Cores
Delegada provincial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: PO-S-53/2008.

Sancionado: Marcos Ferradas Souto.

Establecemento ou actividade turística: Bar Vaivén.

Enderezo: rúa B, nº 33.

Concello: Lalín.

Data da resolución: 30-10-2008.

Preceptos vulnerados: artigos 16.5º, 16.10º e 26 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro.

Tipo infractor: artigo 86.1º e 86.5º da Lei 9/1997, do 21 de agosto.

Sanción: multa por contía de 300 euros.

Anuncio do 14 de outubro de 2008, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se fai público que se presentou instancia-solicitud de permiso de investigación Lago 6053.

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo fai saber que *Lundin Mining Exploration, S.L.* presentou nesta delegación provincial, o día 6 de maio de 2008, instancia-solicitud do permiso de investigación Lago de 68 cuadrículas mineiras para recursos de cobre, prata, chumbo, cinc e outros, que se sitúa no concello de Becerreá da provincia de Lugo e a cuxo expediente lle correspondeu o número 6053 da provincia Lugo.

A designación do terreo é a seguinte:

Vértice	Lonxitude	Latitude
1	-7° 08' 00"	42° 51' 40"
2	-7° 08' 00"	42° 52' 20"
3	-7° 08' 20"	42° 52' 20"
4	-7° 08' 20"	42° 53' 20"

Vértice	Lonxitude	Latitude
5	-7° 08' 40"	42° 53' 20"
6	-7° 08' 40"	42° 54' 20"
7	-7° 09' 00"	42° 54' 20"
8	-7° 09' 00"	42° 55' 20"
9	-7° 09' 20"	42° 55' 20"
10	-7° 09' 20"	42° 55' 40"
11	-7° 08' 20"	42° 55' 40"
12	-7° 08' 20"	42° 56' 00"
13	-7° 07' 40"	42° 56' 00"
14	-7° 07' 40"	42° 55' 40"
15	-7° 07' 20"	42° 55' 40"
16	-7° 07' 20"	42° 54' 40"
17	-7° 07' 00"	42° 54' 40"
18	-7° 07' 00"	42° 53' 40"
19	-7° 06' 40"	42° 53' 40"
20	-7° 06' 40"	42° 52' 40"
21	-7° 06' 20"	42° 52' 40"
22	-7° 06' 20"	42° 52' 20"
23	-7° 06' 00"	42° 52' 20"
24	-7° 06' 00"	42° 51' 40"

A solicitude foi admitida definitivamente, salvo mellor dereito e sen prexuízo de terceiro.

O que se fai público, co fin de que todos aqueles que teñan a condición de interesados poidan comparecer no expediente dentro do prazo de vinte días, de conformidade co establecido no artigo 86.2º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Lugo, 14 de outubro de 2008.

Ramón Jesús Cortés Máñez
Delegado provincial de Lugo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Anuncio do 27 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, da declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Quins (Melón-Ourense).

En cumprimento do disposto polo artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da concentración parcelaria para a zona de Quins (Melón-Ourense) e que se transcribe no anexo deste aviso.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2008.

Xosé Carballido Presas
Director xeral de Estruturas e Infraestruturas
Agrarias

ANEXO

Declaración de impacto ambiental, formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data do 6 de novembro de 2008, da zona de concentración parcelaria de Quins, no concello de Melón (Ourense), promovida pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias. (Clave 2006/0062).

Antecedentes.

A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias promove a concentración parcelaria da parroquia de Quins, no concello de Melón (Ourense), vista a correspondente solicitude para o inicio do proceso de concentración, efectuada polos veciños-comuneiros da zona.

A citada concentración parcelaria cualificouse como sometida ao trámite de avaliación de impacto ambiental, ao atoparse entre os proxectos recollidos no anexo II do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos (grupo 1, alínea a).

No anexo I desta declaración resúmense as características da zona de concentración e no anexo II as medidas preventivas e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental avaliado.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data do 21 de xuño de 2007 publícase no DOG (nº 119) a Resolución do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, pola que se somete á información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria para a zona de Quins (Melón-Ourense); non consta a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data do 24 de xaneiro de 2008 ten entrada, na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o expediente ambiental remitido pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (órgano substantivo por razón da materia). No expediente inclúense informes das direccións xerais de Patrimonio Cultural e de Conservación da Natureza e da Delegación Provincial de Ourense da Consellería do Medio Rural (Servizo de Montes e Industrias Forestais).

Con data do 11 de abril de 2008 recíbese informe emitido pola Confederación Hidrográfica do Norte para a devandita concentración parcelaria. A data de hoxe non se ten constancia da emisión de informe por parte do Concello de Melón.

Realizada a tramitación ambiental, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, e as súas modificacións, formula a declaración de impacto ambiental (DIA) para a concentración parcelaria de referencia.